

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8940** *CORRECCIÓN de erros da Orde PRE/572/2006, do 28 de febreiro, pola que se desenvolve o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, regulador do sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea e outros Estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que exixen unha formación mínima de tres anos de duración, no que afecta ás profesións cuxa relación corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. («BOE» 122, do 23-5-2006.)*

Advertido error na Orde PRE/572/2006, do 28 de febreiro, pola que se desenvolve o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, regulador do sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior dos Estados membros da Unión Europea e outros Estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que exixen unha formación mínima de tres anos de duración, no que afecta ás profesións cuxa relación corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Substitúese o punto sétimo 1 polo que a continuación se transcribe:

«Sétimo. *Tramitación das solicitudes.*

1. Completada a documentación, solicitaranse, de ser o caso, segundo proceda, informes dos centros directivos da Secretaría Xeral de Industria, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, da Secretaría Xeral de Turismo e da Secretaría Xeral de Enerxía, así como, excepcionalmente, do Ministerio de Educación e Ciencia e do Colexio Profesional ou Consello Xeral que corresponda, para efectos de comparar a formación exixida en España coa recibida polo solicitante e o ámbito de actividades profesionais a que faculta o título nun ou outro Estado membro. A comparación realizarase sobre a base das materias consideradas fundamentais para o exercicio de cada profesión.»

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**9005** *REAL DECRETO 552/2006, do 5 de maio, de ampliación dos medios económicos adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, en materia de xestión da formación profesional ocupacional (formación continua). («BOE» 123, do 24-5-2006.)*

O artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución reserva ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, establecendo o mesmo artigo 149.1.7.<sup>a</sup> que o Estado ten competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

E o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1982, do 6 de abril, establece no seus artigos 30.1 e 29.1 que corresponde á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1, puntos 11 e 13, da Constitución a planificación da actividade económica de Galicia e a execución da lexislación do Estado en materia laboral.

Ademais, mediante o Real decreto 146/1993, do 26 de marzo, aprobouse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos en materia de xestión da formación profesional ocupacional.

Pola súa parte, as sentenzas do Tribunal Constitucional 95/2002, do 25 de abril, e 190/2002, do 17 de outubro, recoñecen ás comunidades autónomas funcións relativas á xestión da formación continua.

Así mesmo, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, regula a forma e condicións ás que se axustarán os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no real decreto citado, que tamén regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, esta comisión adoptou, na súa reunión do día 17 de abril de 2006, o oportuno acordo, cuxa virtualidade práctica exige a súa aprobación polo Goberno mediante real decreto.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta do ministro de Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día cinco de maio de dous mil seis,

### DISPONGO:

#### Artigo 1.

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia polo que se amplían os medios económicos adscritos ás funcións e servizos traspasados polo Real decreto 146/1993, do 29 de xaneiro, que teñen por obxecto o financiamento de determinadas funcións e servizos relativos á xestión da formación continua por parte da Comunidade Autónoma de Galicia en cumprimento das mencionadas sentenzas do Tribunal Constitucional, adoptado polo Pleno da dita comisión na súa sesión do día 17 de abril de 2006 e que se transcribe como anexo este real decreto.

#### Artigo 2.

En consecuencia, quedan transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia os medios económicos correspondentes nos termos que resultan do propio acordo e da relación anexa.

#### Artigo 3.

A ampliación a que se refire este real decreto terá efectividade a partir do día sinalado no acordo da mencionada Comisión Mixta.

#### Artigo 4.

Os créditos orzamentarios que se determinen, de conformidade coa relación número 1 do anexo, serán dados de baixa nos correspondentes conceptos e subconceptos orzamentarios e transferidos polo Ministerio de Economía e Facenda aos conceptos ou, de ser o caso, subconceptos que se habiliten no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e no artigo 106 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o